



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria extraordinaria do 15 de setembro do 2021, adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos), para a execución das actuacións contempladas na memoria de Alcaldía incorporada ó expediente, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, polo importe total de 89.679,03 euros.

Asimesmo acordou modifica-lo anexo de inversións do orzamento deste concello do 2021 (neste momento orzamento prorrogado do 2020) incluíndo no mesmo as inversións correspondentes ás actuacións para as que se aproba a modificación de créditos anteriormente indicada .

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, o antedito acordo entenderase definitivamente adoptado.

Baleira, 17 de setembro do 2021.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2734

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de xullo de 2021 e do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xullo de 2021 que comprenden os seguintes recibos:

- 1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de xullo de 2021, integrado por 19 recibos por importe total de 547,50 €.
- 2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xullo de 2021, integrado por 14 recibos por importe total de 3.691,10 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de xullo de 2021 e do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xullo de 2021, terá lugar dende o día 3/09/2021 ao 3/11/2021 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 8 de setembro de 2021.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2735

QUIROGA

Anuncio

Aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de setembro de 2021, os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para o contrato de Construción - Ampliación do Cemiterio Municipal de Quiroga, anúnciase a licitación para a presentación de propostas co seguinte detalle:

1. Proxecto	Construción - Ampliación Cemiterio Municipal de Quiroga	
2. Codificación	Vocabulario común de contratos (CPV): 45215300-0 (Construción de cemiterios)	
3. Tipo de execución	Execución plurianual (2021 - 2022)	
4. Orzamento base de licitación	Base imponible	312.355,54
	Importe IVE	65.594,66
	TOTAL	377.950,20
5. Anualidades do contrato	Exercicio Orzamentario 2021 193.375,51 (IVE incluído)	Exercicio Orzamentario 2022 184.574,69 (IVE incluído)
6. Valor estimado	Base imponible: 377.950,20	377.950,20
	Modificacións previstas do proxecto:	0,00
	Total valor estimado	377.950,20
6.bis. Regulación harmonizada	<input checked="" type="checkbox"/> Contrato NON SUXEITO a regulación harmonizada	
7. Aplicación orzamentaria	Programa de gastos:	164 (Cemiterio e servizos funerarios)
	Categoría económica	622.00 (Edificios e outras construcións)
8. Prazo de execución	Doce meses (12 meses)	
9. Clasificación esixida	<input type="checkbox"/> Non se esixe	
	<input checked="" type="checkbox"/> Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) Grupo subgrupo categoría Grupo: C Subgrupo: 2 Categoría: C	
10. Clasificación para os efectos de acreditar a solvencia.	Grupo subgrupo categoría Grupo: C Subgrupo: 2 Categoría: C	
11. Lugar de presentación de ofertas	Rexistro xeral do Concello de Quiroga	
12. Prazo de presentación de proposicións	26 días naturais a partir do día seguinte ao anuncio de licitación no BOP de Lugo	
13. Documento europeo único de contratación	Non se esixe	
14. Porcentaxe subcontratación	Non se establece	

15. Condicións de execución	Ver cláusula 25
16. Garantía definitiva	5 % do prezo final ofertado , IVE excluído.
17. Revisión de prezos	Ao tratarse de obras plurianuais con prazo inferior a dous anos, NON PROCEDE
18. Control de calidade	Os gastos asúmeos a Administración
19. Importe máximo dos gastos de publicidade de licitación a conta do contratista	Non se esixe.
20. Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego	Perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación que se indica: <i>https://www.contratosdegalicia.gal/consultaOrganismo.jsp?lang=gl&ID=800&N=171&OR=171&SORT=2&ORDER=2</i>

Quiroga, 22 de setembro de 2021.- O ALCALDE, Julio Álvarez Núñez.

R. 2736

O SAVIÑO

Anuncio

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2020, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 21 de setembro do 2021.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 1 de outubro e o 20 de novembro de 2021, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviño. 21 de setembro 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2737

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTES DE APROVECHAMIENTO DE AGUA Y DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTES: A/27/29545 V/27/00064J

PETICIONARIO: Ayuntamiento de Folgoso do Courel

DENOMINACIÓN: Núcleo de Sobredo

LOCALIDAD: Sobredo, Folgoso do Courel (Santa María)

TÉR. MUNICIPAL: Folgoso do Courel

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego de Trabancado/Lor IR/am

El Ayuntamiento de Folgoso do Courel solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,066 l/s de agua procedente del rego de Trabancado en el término municipal de Folgoso do Courel (Lugo) para abastecimiento al núcleo de Sobredo, usos domésticos y ganaderos.

La captación consiste en una arqueta de hormigón situada en la salida del manantial, de ésta parte una tubería de PVC que conduce las aguas al depósito, desde el que se distribuyen al núcleo de Sobredo.

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Núcleo de Sobredo" - "Ayuntamiento de Folgoso do Courel", con un volumen máximo anual de 2.365,00 m³ .

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Desbaste de gruesos y desarenado.
- Fosa séptica.
- Pozo de resalto previo.
- Zanja de infiltración.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Folgoso do Courel, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 15 de enero de 2021 EL JEFE DE SERVICIO.- José Manuel Blanco López.

R. 0168